


ARTIGO DE OPINIÓN




SUBXÉNEROS XORNALÍSTICOS

• DE INFORMACIÓN



• DE OPINIÓN



• DE INTERPRETACIÓN



PASOS PARA ELABORAR UN ARTIGO (Guión previo ou borrador)

TITULAR: HAI FUTURO PARA O GALEGO?

ENTRADA: Catro semanas de clase, dous debates e a proxección do documental *Linguas cruzadas* poñen de manifesto que, de seguir así as cousas, non hai futuro para a lingua propia de Galiza.

CORPO:

Introdución:

- **Quen?** A mocidade galega
- **Cando?** No séc. XXI (de hoxe cara ao futuro)
- **Onde?** Na sociedade actual (en Galicia, en Rianxo)

Desenvolvemento:

- **Que?** Só hai futuro para a lingua se se pon en marcha un plan xeral de normalización lingüística, senón , o galego está condenado a ser substituído polo castelán.
- **Como?** A única alternativa á substitución lingüística é a normalización lingüística e isto supón a implicación das institucións públicas, doos poderes políticos e económicos do país.
- **Por que?** Se queremos frear a alarmante perda de falantes galegos/as, para evitar a substitución lingüística final á que estamos abocados, debemos exixirle ás autoridades políticas que desenvolvan un plan xeral de normalización que teña como piares os sectores produtivos fundamentais deste país: o ensino, a cultura, a investigación científica, a empresa privada e o turismo.

IMAXE: O artigo pode conter unha ou varias imaxes que ilustren a anécdota da que se informa.

FONTES: O artigo debe sinalar as fontes de información de xeito expreso ou mesmo engadir enlaces a esas fontes en caso de ser obtida a información a través de internet.

ARTIGO (Redacción do artigo)

Catro semanas de clase, dous debates e a proxección do documental *Linguas cruzadas* poñen de manifesto que, de seguir así as cousas, non hai futuro para a lingua propia de Galiza (ou Galicia?).

A mocidade galega do século XXI non sente a necesidade de falar galego, pois na sociedade actual calquera xove pode desenvolverse sempre en castelán ou mesmo en inglés en todos os ámbitos e lugares polos que se move. A potenciación destas dúas linguas hexemónicas no mundo, español e inglés, leva consigo o abandono de linguas minorizadas como o galego.

~~Se temos en conta que a comunicación se rexe pola economía da linguaxe, poderemos entender que, nun~~